MOCIÓN SOBRE O ABASTECEMENTO DE AUGAS NO CONCELLO E SANEAMENTO DAS DISTINTAS TRAÍDAS

O grupo municipal de Bloque Nacionalista Galego (BNG) en San Cristovo de Cea, presenta ó pleno da Corporación a seguinte MOCIÓN:

ANTEDECENTES

Un dos servizos básicos que debe prestar calquera concello é o abastecemento de augas para consumo humano. A desfeita que están a sufrir os veciños de gran parte do Concello neste aspecto merece, non só unha reflexión, senón unha actuación decidida por parte dos responsables, que non poden seguir mirando para outro lado como se nada sucedese.

A falla de planificación e desorde no subministro de auga para consumo humano vense manifestando desde que se iniciaran os abastecementos de augas ós diversos núcleos de poboación, non fai tantos anos. Fóronse construíndo diversas traídas individualizadas para múltiples pobos, pagadas fundamentalmente polos veciños, ben con diñeiro que proviña da talla de árbores en montes comunais, ben con aportacións directas, sin que existira por parte do Concello unha mínima planificación desde unha óptica global, con vistas ó futuro. Así foise chegando á situación na que nos atopamos na actualidade.

Moitos pobos foron facendo e pagando a súa traída individualizada de auga con ou sin axudas, para abastecer zonas concretas, desconectadas das restantes. Na maioría deles co paso do tempo as instalacións fóronse deteriorando, sen que se lle dera o mantemento axeitado, e o caudal de auga quédase escaso, polo que na época estival están a padecer restricións continuas. A colaboración do Concello para o mantemento desas traídas, a procura de novos mananciais, a limpeza dos existentes ou coidado dos condutos e instalacións é moi escasa ou nula. Por se isto fose pouco os veciños non teñen noticia do control de calidade de tales augas, polo que cada vez son mais os que se preguntan qué están bebendo. Siguen existindo múltiples tomas de auga incontroladas, fugas sen arranxar e contadores que co paso do tempo se foron quedando obsoletos e inservibles.

O multimillonario bombeo que se fixo no seu día desde o río Silvaboa, nas inmediacións do actual polígono industrial, ata o depósito novo, ben pouco pode aportar na época estival por carecer de caudal o río.

Nestes derradeiros anos a única política que desenvolveu a alcaldía para solucionar os problemas puntuais consistíu en facer puzos de barrena por todas partes, de modo que moitos núcleos de poboación son abastecidos por un ou varios distes puzos, que como é ben sabido sofren múltiples avarías coas tormentas, teñen custos e mantemento elevados e poden afectar ós niveis freáticos. Apenas se teñen feito captacións novas a pesares de que o Concello dispón de zonas apropiadas para elo. Incluso se lle presta escasa atención ó mantemento, conservación ou mellora das existentes.

A realidade é que en case todos os pobos sofren carencia de auga e segue habendo pobos sen abastecemento. Neste senso, o BNG xa presentara unha moción sobre o suministro de auga a lugares como Agra ou Os Ferreiros, que incomprensiblemente aínda hoxe carecen del.

Chegado o verán os cortes son constantes e os responsables do Concello parecen mirar cara outro lado esperando a que chova, sempre coa mesma escusa: as traídas que son dos veciños, que as arranxen eles. Non deixan pasar a ocasión para ir introducindo a idea de que, se os veciños cederan as augas das diversas traídas, terían garantido o

suministro. Probablemente unha empresa se encargaría diso. Continuiría así a política de transferir máis servizos a organismos alleos, botando balóns fora, para poder seguir mirando cara outro lado. Claro que deste xeito, as augas ata agora consideradas como cousa propia polos veciños de cada pobo, pasarían a depender doutros organismos nos que o vecindario pouco ou nada podería decir; estableceríanse taxas individualizadas por domicilio, pero non por iso o suministro estivera garantido. Dos custes, nin se fala.

No relativo ó control de salubridade das augas sucede algo similar. Moitos veciños se preguntan se a auga da súa fonte é potable. O Concello só analiza periódicamente as traídas de Cea e Faramontaos-Viña, por ser as únicas que parecen depender directamente de tal institución. Iso sí, sempre presentan problemas con determinados índices, resultando aptas con reparos. De todas as demais fontes e traídas non temos constancia de que se analicen; ninguén sabe nada. A diversas preguntas prantexadas polo BNG no pleno sobre o control das augas das fontes públicas sempre se recibe a mesma resposta: “que as fontes son cuestión de sanidade, e que se non hai cartel que indique o contrario as súas augas son potables”.

A liña política que ven mantendo o grupo de goberno do Concello, consistente en desviar a atención do tema, transferir descaradamente todos os servizos a outros organismos alleos, vai minguando pouco a pouco a actividade no concello, xa de por sí escasa e en decadencia constante. Sen auga difícilmente haberá a quen alugar vivendas, ou que veñan novos veciños a instalarse nos pobos. Coincidindo con tal liña política, recentemente acaban de transferir tamén o control periódico da calidade das augas nos dous abastecementos antes citados, quedando todas as demais á marxe.

Desde o comenzo do verán, cando a secura non chegou a acadar as súas cotas mais elevadas, moitos pobos están a sufrir cortes constantes de auga. Para algúns pobos o raro é que haxa auga na traída. Non se percibe que o Concello poña de manifesto gran interese por solucionala situación, nin que efectúa movementos significativos, senón que máis ben parece mirar cara outro lado, deixando que cada pobo se arranxe como poida, como se non fora unha cuestión prioritaria.

PROPOSTA

O Grupo Municipal do BNG, á vista da situación que se repite ano tras ano, propón que o pleno da Corporación considere como prioridade o abastecemento e a salubridade de augas nos núcleos de poboación, por ser unha obriga da institución municipal, actuando de inmediato nos seguintes aspectos:

1- ***Captación de novos mananciais, que aporten máis caudal.***
2- ***Utilización dos recursos municipais para a limpeza dos mananciais e condutos existentes, así como para evitar e corrixir fugas na rede.***
3- ***Control exhaustivo, alomenos nos meses de sequidade, dos consumos individualizados.***
4- ***Eliminación de todas as tomas incontroladas.***
5- ***Realización de análisis de augas nas diversas traídas e fontes que se utilizan para o consumo humano. Publicación dos resultados das análises efectuadas, para que cada veciño sepa o qué está consumindo.***

San Cristovo de Cea a 22 agosto de 2017

Asdo: Manuel Pérez Vázquez (Voceiro)